

# os bolechas

PEPE CARREIRO ® TM

## POLA IGUALDADE CADERNO DE ACTIVIDADES



XUNTA DE GALICIA

 bolanda



 **bolanda** EDICIONES Y *MARKETING*

Ilustracións e textos: Pepe Carreiro / Estudio Carreiro

Depósito Legal: C 2160-2019

Impreso en Galicia

**Edita: Xunta de Galicia. Secretaría Xeral de Igualdade**

A igualdade é un dereito fundamental polo cal todas as persoas, mulleres e homes de todas as idades, etnias, orientación sexual, diversidade funcional... somos iguais perante a lei e temos os mesmos dereitos e deberes. Logralo é labor de todas e todos! De toda a sociedade!




**AXUDA OS BOLECHAS  
NESTA IMPORTANTE  
TAREFA COMPLETANDO  
AS ACTIVIDADES DESTE  
CADERNO e PÁSAO  
EN GRANDE COS TEUS  
PERSONAXES FAVORITOS**



**As mulleres e os homes temos os mesmos dereitos: non importa o lugar onde nacésemos, nin a etnia, nin o idioma, nin o corpo que teñamos... todas as persoas somos iguais respectando á diversidade!**

Colorea os Bolechas e as súas amigas e os seus amigos.



Debúxate a ti mesma/mesmo e á túa mellor amiga ou amigo. Ten en conta a cor dos ollos e do pelo, a altura, a roupa que usades habitualmente... Despois escribe debaixo os vosos nomes e idades.



O 8 de marzo conmemórase o Día Internacional da Muller e o 25 de novembro o Día Internacional da Eliminación da Violencia contra a Muller. Investiga por que se elixiu cada unha destas datas e escribe un pequeno texto explicándoo.



## **8 DE MARZO**

### **DÍA INTERNACIONAL DA MULLER**

.....

.....

.....

.....



## **25 DE NOVIEMBRE**

### **DÍA INTERNACIONAL DA ELIMINACIÓN DA VIOLENCIA CONTRA A MULLER**

.....

.....


.....

.....



Colorea a Carlos, ao seu curmán Kofi e á súa curmá Ying coas cores que máis che gusten.

As cores non pertencen a ninguén, non hai cores de nenas e cores de nenos. Todas son importantes para colorear o noso mundo.



Cal é a túa cor favorita?

Como te sentirías se non che deixaran a túa cor favorita para pintar os teus debuxos?

Hai cores de nenas e de nenos?





A quen pertence cada xoguite? Une cunha liña.



### REFLEXIONA!

Que lles gusta facer  
aos teus amigos? E ás  
túas amigas?

Con quen che gusta  
xogar máis?

Hai máis nenos aos que  
lles gusta XOGAR CON  
MONECAS? Hai máis nenas  
ás que lles gusta XOGAR  
AO FÚTBOL?

A quen lle gusta  
máis correr, ás nenas  
ou aos nenos? E  
XOGAR Á CORDA?

Todas e todos podemos correr,  
saltar, xogar, ler, bailar ou falar!



Recorta as caras da páxina seguinte e pégaas onde corresponda.

Carlos vai para cociñeiro. Encántalle cociñar e comer!



A Braulio gústalle inventar e construír cousas. Igual de maior é carpinteiro


Ying quere ser futbolista



Mamá Bolechas quería traballar na construción cando era nena



A Sonia encantaríalle traballar de panadeira







## RECORDA!

**TODAS AS PERSOAS TEMOS OS MESMOS DEREITOS.**


**NON IMPORTA O LUGAR ONDE NACÉSEMOS, NIN O IDIOMA QUE FALEMOS, NIN A NOSA ETNIA, NIN O CORPO OU OS CARTOS QUE TEÑAMOS.**

Mulleres e homes debemos axudar nas tarefas da casa por igual.

Non hai profesións de mulleres e profesións de homes.

E non hai xoguetes de nenas nin de nenos. Nenas e nenos poden xogar indistintamente co xoguite que lles guste.

Non hai cores de mulleres nin cores de homes.




Os xoguetes deben favorecer a imaxinación e a creatividade e non promover a violencia nin a desigualdade.



Rodea os xoguetes que consideras que mellor cumpren con estes requisitos.





TI QUE QUERES  
SER DE MAIOR?  
HAI PROFESÍONS DE  
HOMES E DE MULLERES?

PODES SER O  
QUE QUEIRAS



Esta sopa de letras agocha sete profesíons moi coñecidas, búscas e rodéas cun círculo. Podes ler as pistas que hai na outra páxina para saber de que oficios estamos a falar.

E	S	O	L	D	A	D	O	R	A
N	P	F	M	F	X	E	U	Q	I
F	O	R	I	E	Ñ	I	C	O	C
E	Q	G	X	D	S	G	C	E	T
R	U	G	M	P	I	L	O	T	O
M	G	P	A	E	Q	C	E	N	S
E	I	X	D	F	D	U	A	L	G
I	B	O	M	B	E	I	R	A	Ñ
R	Q	H	L	Ñ	C	I	C	P	O
O	Z	A	V	O	G	D	A	A	S

Soldadora - Cocineiro - Piloto - Enfermeiro - Avogada - Bombeira - Médica



- Persoa que defende os dereitos das persoas.
- Persoa que ten por oficio guisar e aderezar os alimentos.
- Persoa que exerce a medicina.
- Persoa que asiste as persoas enfermas especialmente no hospital.
- Persoa encargada de extinguir incendios e levar a cabo tarefas de salvamento.
- Persoa que dirixe unha aeronave ou automóbil.
- Persoa que realiza o traballo de unir dúas pezas de metal.


### NOTA PARA O PROFESORADO E/OU FAMILIA

Ao remate da actividade o profesorado dialoga co alumnado facendo fincapé en que as profesións poden ser exercidas indistintamente por mulleres e por homes. Para desenvolver esta parte da práctica de forma didáctica pódese, nunha segunda sesión, traer á aula a unha muller que desenvolva unha profesión tradicionalmente masculina e a un home que desenvolva unha profesión tradicionalmente feminina. Estas persoas explicarán a súa experiencia e o alumnado formularalles as cuestións pertinentes.





Loli e Sonia queren xogar ao fútbol. Axúdaas a atopar o balón.





Escribe debaixo de cada debuxo a tarefa que representa e despois marca cun X as tarefas que fas ti na casa.

Todos os membros da familia debemos colaborar nos traballos da casa, como fan os Bolechas.



Observa as diferencias que hai nestas dúas ilustracións. Despois contesta as seguintes preguntas pensando no que fas ti na casa.

- Quen dorme na túa cama e quen a fai?
- Quen desordena os xoguetes e quen os ordena?
- Quen deixa o lixo no chan e quen o recolle?
- Na casa, axudades todas e todos ou hai quen non fai nada? Cres que iso está ben?
- Na casa, hai cousas que adoitan facer só as mulleres e cousas que só fan os homes? Por que?
- Cres que habendo outras persoas na casa está ben que unhas fagan cousas e o resto non? Por que?
- En que axudas ou cres que poderías axudar máis na túa casa?





Como se reparte o traballo na túa casa? Marca no seguinte cadro que fai cada persoa habitualmente e suma ao final o número de tarefas que fai cadaquén.

	EU	MAMÁ	PAPÁ	IRMÁN IRMÁ 1	IRMÁN IRMÁ 2	OUTRAS PERSOAS DA CASA
Facer as camas						
Recoller a habitación						
Dobrar e gardar ben a roupa						
Pór a lavadora						
Pór/recoller a mesa						
Cociñar						
Varrer ou pasar o aspirador						
Pasar o ferro						
Sacar o lixo						
Facer a compra						
<b>SUMA</b>						



Reflexiona agora:

Quen fai máis tarefas na casa? .....

Cantas tarefas fago eu? .....

Está o repartimento de tarefas equilibrado? .....

Que podo facer eu para axudar a repartir as tarefas da miña casa?



.....





Escribe debaixo de cada viñeta a profesión que representa.

Non hai traballos de homes e traballos de mulleres. As profesións e os oficios son tanto de mulleres como de homes.




a) Científica - b) Bailarín - c) Xogadora de baloncesto - d) Matró - e) Enxeñeira - f) Arbitra



Mulleres e homes emocionámonos, alegrámonos,  
choramos ou sentimos medo por igual.



**ENFADO**



**TRISTEZA**

**FELICIDADE**





**AMOR**

**MEDO**

**TRANQUILIDADE**

## ANALISE DAS EMOCIÓNS

Os sentimentos e as emocións non son patrimonio de ninguén. Une cada viñeta co sentimento que expresa.



### NOTA PARA O PROFESORADO E/OU FAMILIA

É importante expresar como nos sentimos e que emocións nos xera ese sentimento. Reflexionamos e debatemos:

1. Por que hai emocións que nos poñen nerviosas ou nerviosos e nos producen malestar e outras que nos producen benestar?
2. Hai diferenza na maneira en que as nenas e os nenos expresan as súas emocións?
3. Por que ás nenas se lles permite máis o choro e aos nenos a rabia?





## ACTIVIDADE DE PREVENCIÓN DA VIOLENCIA

Marca cun X no cadro a túa resposta. Despois comproba que condutas debes eliminar, cales tes que mellorar (detectar) e cales realizas perfectamente. Pódese utilizar para mellorar o comportamento colectivo na aula.

**SI** = ● = **FREAR**

**ÁS VECES** = ● = **DETECTAR**

**NON** = ● = **PREVIR**



Algunha vez pegaches a algunha compañeira ou a algún compañeiro da aula?

Algunha vez ameazaches a algunha compañeira ou a algún compañeiro da aula?

Algunha vez durante unha discusión lanzaches ou rompiches algún obxecto?

Algunha vez insultaches a algunha compañeira ou a algún compañeiro da aula?

Burlácheste dalgunha compañeira ou compañeiro da aula?

Rompícheslle algo ás túas compañeiras ou aos teus compañeiros da aula?

	SI	ÁS VECES	NON
Algunha vez pegaches a algunha compañeira ou a algún compañeiro da aula?	<input type="radio"/>	<input type="radio"/>	<input type="radio"/>
Algunha vez ameazaches a algunha compañeira ou a algún compañeiro da aula?	<input type="radio"/>	<input type="radio"/>	<input type="radio"/>
Algunha vez durante unha discusión lanzaches ou rompiches algún obxecto?	<input type="radio"/>	<input type="radio"/>	<input type="radio"/>
Algunha vez insultaches a algunha compañeira ou a algún compañeiro da aula?	<input type="radio"/>	<input type="radio"/>	<input type="radio"/>
Burlácheste dalgunha compañeira ou compañeiro da aula?	<input type="radio"/>	<input type="radio"/>	<input type="radio"/>
Rompícheslle algo ás túas compañeiras ou aos teus compañeiros da aula?	<input type="radio"/>	<input type="radio"/>	<input type="radio"/>



Rodea en vermello as viñetas que representan accións negativas e en verde as que fomentan unha boa convivencia.

Para ter unha boa convivencia e sermos máis felices, debemos comportarnos o mellor posible cos demais.





Escribe VERDADEIRO OU FALSO segundo corresponda.

Todos os seres humanos  
nacemos iguais en  
dignidade e dereitos

.....

As tarefas domésticas  
son cousa tanto  
de homes como  
de mulleres

.....

Hai que vestir as  
nenas de rosa e os  
nenos de azul para  
distinguilos ben

.....

Rirse dos demais  
ou insultar está  
ben ás veces

.....


Balóns e bonecas son  
xoguetes tanto de  
nenas como de nenos

.....

A igualdade fainos  
ser máis felices a  
todas as persoas

.....






# os bolechas

PEPE CARREIRO

## EDUCAR EN IGUALDADE CADERNO DE ACTIVIDADES



[www.osbolechas.gal](http://www.osbolechas.gal)



YouTube